

HISTORIAS DE MULLERES

1º PREMIO DE RELATO CURTO ABAS BARBANZA 2019

LOBOS

Cando era nena contábanme mil historias de príncipes salvando as princesas dos perigos do mundo. Cincenta salvada da súas fillastras e da súa madrasta polo príncipe do baile. A bela durminte espertada cun bico do príncipe azul nos beizos. A sereíña sacrificándose para poder estar co seu amor verdadeiro. E todas estas princesas viviron felices e comeron perdices.

Sendo pequena cres que cando crezas terás ao teu príncipe azul esperando na porta, pero a medida que medras decátaste que xa non existen os príncipes, só hai lobos coma os de Carapuchiña Vermella. Lobos dos que non che deixan ata que terminan contigo. Dos que tes medo a non escapar, que aínda que vaias polo camiño máis curto ves que cada vez fáiseche mais complicado e non ves a saída. Comezas a sentir que estás esgotada pero non podes parar, sentes que sopran detrás de ti coma se che quixeran atrapar, intentas correr mais rápido pero, xa é moi tarde.

Eses maravillosos príncipes tan guapos e esveltos, cos que bailaches na discoteca están na outra beirarrúa, chamas por eles, pero o único que fan e rirse e mirar cara o outro lado. Agora so estás ti. Queres saír pero xa non tes poder sobre o teu corpo.

So podes esperar... esperar a que?, a que acaben contigo?, esperar a que os lobos non abran as súa grandes fauces e non terminen por devorarache.

Aquel sitio tan escuro, tan horrible era a vida real, intentas espertar pero non un pesadelo, xa estás esperta, esa parte da túa historia non vai a ter un final feliz.

Empezas a notar que as malvadas risas dos lobos escóitanse cada vez mais e mais lonxe, e pensas debo escapar desa torre na que estou atrapada, pero aínda che falta pasar por encima do dragón. O dragón non é nada comparado cunha manada de lobos, pero non é certo. Ese ser é un dos mais poderosos. Ves o lume saír polo seus beizos repetindo unha e outra vez as cousas que che rematan de pasar. Xa non te sentes tan forte, xa non queres príncipes so queres unha fada madiña que che cumpra o desexo de saír dalí e ir ao teu palacio. Pero a fada deixouche ir de festa toda a noite non che espera ata mañá a mañá.

Agora si que perdiches todas as esperanzas de que alguén che salve, o dragón comeza a queimar todos os teus recursos para escapar. Ao final dáste por vencida e deixas que o sono se apodere de ti, pero o dragón non che deixa durmir.

Pasaches toda a noite chorando, desexando que te pincharas cunha rúecha coma a da Bela Durminte e que che veña un príncipe a espertar. Despois do que pasou aínda segues pensando nos príncipes, os mesmos que estaban na outra beirarrúa, os mesmos que se riron de ti. Volves a pensar na túa marabillosa fada madriña que nunca che falla, pero nesta ocasión fallou. Non sabe onde estás, leva toda a noite falando cas túas amigas, as outras princesas, que che deixaran un momento sola e desapareceras.

Estás soa xa non hai princesas, nin príncipes, tampouco lobos nin fada madriñas e o dragón que escume lume durme profundamente no fondo dos teus pensamentos.

Despois de todo o que che pasou non queres ser unha princesa que nunca será salvada, estás tan cansa de esperar e decides ser ti mesma a que te salves.

Saes da torre, notas pola luz da rúa que xa é de día, deben ser polo menos as dez da mañá, notas que diante túa hai unha cafetería, que da aos traballadores un café e un croissant, entras, ao momento notas que todos che miran e corren xunto a ti. Son todos moi amables a dona do café lévache no coche ata a túa casa.

Chegas e o primeiro que notas é que hai dous ou tres coches patrulla, a fada madriña e as princesas están chorando desesperadamente na porta da túa casa, ao verche corren a abrazarche, detrás deles están os leñadores que non che salvaron dos lobos. Os príncipes tamén andan por alí, pero a ti no che interesa nada de iso. So queres subir ao teu palacio, cerrar a porta, abrazar ao teu peluche, sentirte nena de novo e durmir.

Espertas, despois de durmir séntaste na cama, estás no teu cuarto pero a túa cabeza está noutro mundo.

A partir de ese día xa non queres ser unha princesa, non queres ter príncipes, nin fadas madriñas, nin amigas princesas... Desde ese momento serás a raíña da túa vida.

Carme Sarasquete Santos

4º ESO